


REAL ACADEMIA GALEGA

NORMAS ORTOGRÁFICAS
E MORFOLÓXICAS DO
IDIOMA GALEGO

Segunda edición



A CRUÑA
1977



REAL ACADEMIA GALEGA

NORMAS ORTOGRÁFICAS
E MORFOLÓXICAS DO
IDIOMA GALEGO

Segunda edición



A CRUÑA
1977

THE UNIVERSITY OF CHICAGO

PHYSICS DEPARTMENT

PHYSICS 309

LECTURE 10

NORMAS ORTOGRÁFICAS
E MORFOLÓXICAS DO
IDIOMA GALEGO

Para a súa edición, a Universidade de Santiago de Compostela encargou a redacción destas normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego ao profesor doutor José María Barja, catedrático de Filología Galega na dita Universidade. O profesor Barja, que é un dos principais especialistas do idioma galego, realizou estas normas de acordo coa súa experiencia e coa opinión dos principais especialistas do idioma galego. Estas normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego son o resultado do esforzo colectivo dos especialistas do idioma galego e do esforzo individual do profesor Barja. Estas normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego son o resultado do esforzo colectivo dos especialistas do idioma galego e do esforzo individual do profesor Barja. Estas normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego son o resultado do esforzo colectivo dos especialistas do idioma galego e do esforzo individual do profesor Barja.

1981 - 1982 - 2.ª edición actualizada

Os textos correspondentes ás normas que aquí se insertan foron aprobados pola Real Academia Galega nas súas xuntanzas de 15 de febreiro de 1970 e 4 de xullo de 1971.

Depósito Legal: C - 1.023 - 1977

Imp. MORET - Marqués de Amboage, 16 - La Coruña. 1977

INTRODUCCIÓN ÁS NORMAS ORTOGRÁFICAS

Por vía de regra, a ortografía dunha lingua non se elabora cientificamente por unha comisión de expertos, senón que é un produto das necesidades de expresión escrita que a fala experimenta, servidas polo uso empírico que resolve os problemas polos medios que as circunstancias históricas poñen ao seu dispor. Como a lingua mesma, a ortografía percura a comunicabilidade dentro dunha comunidade de falantes e lectores, e este interés práctico, unha vez satisfeito, crea unha tradición que se sostén teimosamente, como un herdo cultural, e que soe evolucionar moi lentamente ao compás das modificacións que experimentan os sonidos do idioma. Pero sendo a fonética unha realización da lingua que vive na voz humá unha vida fuxidía, e a ortografía unha fixación gráfica desa voz, sucede decote que a fonética cambia con máis rapidez do que a ortografía,

esencialmente conservadora. Poñer ao día, de cando en cando, a ortografía dunha lingua, axeitándoa á realidade fonética do momento, é labor propio dos expertos, que deste xeito asinalan cauces á corrente espontánea do idioma, e colaboran, ordenándoo, no seu desenrolo polo que á súa representación gráfica se refire.

O galego de hoxe, como todo idioma, pode ser fixado, e é realmente fixado no terreo da investigación científica, mediante o emprego dun alfabeto fonético de carácter técnico, que aspira a recoller todos os matices fundamentais da pronuncia. Pero ben se comprende que unha transcripción dese tipo, necesaria a nivel de especialismo, sería totalmente inaxeitada para o uso corrente, que esixe unha escrita, se menos precisa, máis doada, a fin de que o seu ensino e o seu aprendizaxe se verifiquen a nivel popular. Aínda así, a ortografía debe aspirar a recoller os rasgos relevantes dos fonemas que fixa.

A actual ortografía galega, como non podía menos de suceder, formouse sobre a castelá, única que os galegos aprendían nas escolas ao tempo que o Renacemento das nosas letras creou a necesidade dunhas normas da expresión escrita. Esta ortografía víuse obrigada a se afastar do seu modelo no caso dos fonemas consonánticos inesistentes no español oficial. Os intentos de estender estas innovacións aos fonemas vocálicos, tropezaron con dificultades que adiaron a solución do problema. Outras custións de menos importancia foron tratadas de diversos xeitos; pero as solu-

cións en competencia foron unificándose como consecuencia do contraste práctico, e así chegamos á situación actual.

Esta preséntanos unha ortografía susceptíbel de perfeición, xa que non reflexa con suficiente precisión o vocalismo galego, e amosa algunha outra impropriedade como consecuencia de non ter xurdido naturalmente do fonetismo da fala, senón como unha adaptación da ortografía de outra lingua. Aínda con esas chatas, ten a ventaxa de ser de doada asimilación para todo aquel que coñeza a ortografía oficial, é decir, para todo galego non analfabeto; a ventaxa de vir funcionando desde hai tempo, de xeito que a xente adquiríu o hábito da mesma; a ventaxa, afinal, de non escluir pola súa natureza reformas futuras inspiradas polas peculiaridades do galego, xa que a pronuncia do castelán moderno e do galego moderno son suficientemente afíns para que calquer rexistro de distinción poida ser establecido sen necesidade dunha alteración total do sistema.

É evidente que sería de desexar unha ortografía, aínda que popular —é decir, ao alcance de todos—, máis enxebre —é decir, máis inspirada na estrutura fonolóxica do propio idioma—; pero esa desexada ortografía, se ha substituír á acostumada, ha ser obra apurada na súa relativa perfeición, elaborada con acougo, e despois de contrastar e debater as opinións dos máis distinguidos estudiosos da nosa lingua, galegos e non galegos, así como a de todas as entidades culturais do país interesadas na cuestión, que mesmo debe pasar por unha etapa de información pública. Supondo elaborada esta ortografía, poucas posibilidades

dunha rápida e eficaz difusión se lle presentan mentras en todos os grados do ensino non se estude a lingua do país. En suma, se queremos facer unha reforma científica da ortografía consuetudinaria, que realmente valla a pena que custe a súa elaboración, temos de proceder con calma, o que supón un prazo previsíbelmente longo para a implantación do sistema adoptado.


Entramentres, o crecente desenrolo da literatura galega e o prestixio que a lingua está adquirindo en todos os sectores cultos da poboación, dentro e fora de Galicia, esixen urxentemente unha codificación da ortografía usual. Se podemos considerar que ésta en grande parte atinxiu unidade na práctica, é certo tamén que, non estando autorizada académicamente, non obriga a ninguén, o que envolve o perigo de desviacións e orixinalidades suxectivas que non poden menos de complicar a situación. Por todo elo, a Academia, movida tamén por constantes requerimentos neste sentido da sociedade galega, decide fixar unhas normas mínimas de uso ortográfico que, recollendo as unánimemente ouservadas, e escolmando as que estima máis oportunas entre as poucas aínda controvertidas, ostenten o selo de oficialidade que lles dá o propio carácter da Corporación que as formula, e rixan na escrita do galego mentras outra cousa non se provea como consecuencia dunha eventual reforma científica que a Academia realice ou acolla.

Aos fins prácticos, e tendo en conta as circunstancias socioculturais do momento, dáse por coñecida a ortografía castelá, que se toma como pun-

to de referencia, xa que ten o carácter de supletoria da galega usual.

O leitor debe ter en conta que este opúsculo aspira a lle fornecer información exclusivamente ortográfica. De xeito que non se ocupa en resolver os problemas que se poden presentar no orde morfolóxico ou fonético. Se algunha vez hai referencias a esas clases de problemas lingüísticos, é para facilitar a comprensión das normas ortográficas, pois o vigor das mesmas é independente das solucións que se adopten verbo das posibilidades que ofrece a lingua nas súas articulacións.

Finalmente, convén manifestar que polo que se refire ao uso do acento gráfico, parecéu conveniente formular as regras, aínda nos casos que coinciden enteiramente coa práctica castelá; porque habendo algunhas diferencias entre ésta e o que se propugna para o galego, e presentándose en galego situacións que non caben en castelán, poderían se suscitar dúbidas de non se falar espresamente, en principio, de todas as posibilidades que se ofrecen. Pero en xeral omitimos aquelas normas ortográficas que coinciden coas castelás, cando esta omisión non comporte perigo previsíbel de confusión.



NORMAS ORTOGRÁFICAS

I

O ABECEDARIO GALEGO

1. Eis a lista e o nome das letras que constitúen o noso abecedario:

a (a), b (be), c (ce), ch (che), d (de), e (e), f (efe), g (gue), h (hache), i (i), l (ele), ll (elle), m (eme), n (ene), ñ (eñe), o (o), p (pe), q (que), r (erre), e (ese), t (te), u (u), v (uve), x (xe), z (zeta),

Os signos *j (iota), k (ka), w (uve dobre)* e *y (y grego)* úsanse só en palabras alleas, aínda que o derradeiro pode se manter tamén en certos nomes propios, especialmente topónimos, que, sendo galegos, víñanse escribindo tradicionalmente con *y*.

2. A pronuncia destas letras é a mesma que en castelán, agás o caso de *e*, *g*, *h*, *n*, *o*, e *x*, que requiren certas indicacións.

3. As vocáis *e* e *o* teñen en galego dous sonidos: o de abertas e o de pechadas. Estas diferencias de timbre non se refrexan na escritura usual.

4. A letra *g* ten sempre o sonido sonoro que corresponde ao castelán *ga*, *go*, *gu*, e final de sílaba nos cultismos. Non se usa, polo tanto, esta letra diante das vocáis *e* e *i*, senón precedidas dun *u* mudo: *gue*, *gui*. Así, *gando*, *gomo*, *gume*, *ignoto*, *guedella*, *guizo*.

5. O *n* cando vai seguido de *h* (*nh*), soa como *ene* velar, separado da vocal que lle segue por unha xuntura silábica: *unha*. Este fonema, *n* velar intervocálico (*nh*), aparece nun número reducido de vocábulos: *unha*, *algunha*, *ningunha*, ou no caso de *-e* paragóxico cando a palabra á que ese *-e* se engade remata en *-n*: *corazonhe*, *razonhe*.

6. O *x* soa como *ch* francés, prepalatal fricativo xordo, e non como *x* latino, *ks*, agás nun certo número de cultismos que o uso determina, como *sexo*, *texto*. En xeral, os cultismos que en latín teñen *x* pasan ao galego con *s*: *esame*, *esixencia*. As verbas patrimoniáis xa foran recibidas pola lingua conforme á evolución propia da mesma: *eixo*, *madeixa*.

7. O *h* é un mero signo ortográfico, sen valor fonético. Úsase só ao principio de dicción, nos

casos en que existía no étimo e non foi suprimido polo uso. Así, *hórto*, pero *España*. Tamén ao final de certas interxeicións: *ah*, *oh*.

Combinado con *n* (*nh*) indica oclusión glotal ou linde silábica, segundo temos dito, e úsase no caso do fonema nasal velar intervocálico.

II

O ACENTO ORTOGRÁFICO

1. As regras de acentuación son as mesmas que en castelán. Os vocábulos monosílabos non levan acento gráfico, como non sexa no caso de acento diacrítico.

2. As palabras agudas acentúanse gráficamente cando rematan en vocal, incluíndo os diptongos, e *n* ou *s*. Así, *mazá*, *coméu*, *irmán*, *irmáns*. Manténse a regra, como se ve no derradeiro exemplo, se o *n* fica agrupado co *s* na sucesión *ns*; pero non se o *-n* ou o *-s* final van precedidos de outra consoante, o que non se pode dar en galego enxebre, e sí só en nomes de outras falas.

3. As palabras graves levan acento gráfico cando rematan en consoante distinta de *n* ou *s*, ou nestas consoantes precedidas de outra consoante, que terán de ser voces estranxeiras, pois o galego enxebre non coñece esa combinación. Así, *móvil*, *álbum*, *carácter*, *alférez*, *fórceps*, *bíceps*.

4. As palabras esdrúxulas levan sempre acento gráfico.

5. O acento gráfico utilízase tamén cando unha vocal «débil» tónica vai inmediatamente antes ou despois dunha vocal «forte» átona. A tónica neste caso márcase co acento ortográfico para indicar que non hai diptongo, senón hiato. Así, *fa, saín, lúa, baúl*.

6. Utilízase asimesmo o acento gráfico con función diacrítica, é decir, para distinguir as palabras que, tendo a mesma forma, difiren prosódicamente en canto unha é tónica e outra átona.

- Así: 1) *á* contracción de preposición e artigo e *a* preposición ou artigo.
- 2) *dá* verbo e *da* contracción de preposición e artigo.
- 3) *dó* sustantivo e *do* contracción de preposición e artigo.
- 4) *é* verbo e *e* conxunción.
- 5) *só* adverbio e *so* adxetivo.
- 6) *máis* adverbio e *mais* conxunción.
- 7) *éste, ése, aquél*, coas súas flesiós, sustantivos e *este, ese, aquel*, coas súas flesiós, adxetivos.
- 8) *qué, quén, cá, cómo, cándo, cánto, ónde*, interrogativos ou ponderativos e *que, quen, cal, como, cando*,

canto, onde, non interrogativos nin ponderativos.

- 9) *nós* pronome suxeito, ou complemento con preposición e *nos* pronome complemento sen preposición ou contracción de preposición e artigo; así como *vós* pronome suxeito, ou complemento con preposición e *vos* pronome complemento sen preposición.

7. As formas verbáis que segundo as regras de tipo xeral deban levar acento gráfico, consérvano cando se lles engade un pronome enclítico: *falóulle, recolléume, saíuse*. Os conxuntos constituídos por forma verbal non acentuada gráficamente e pronome ou pronomes enclíticos, levarán acento se resultan vocábulos esdrúxulos ou sobresdrúxulos: *consérvano, fixéronllelo*.

8. No caso dos adverbios en *mente* manténse a acentuación gráfica do adxetivo básico: *fríamente, útilmente, lididamente*.

9. Os demais compostos considéranse unha unidade a efectos de acentuación, e seguirán as regras xerais. Se os vocábulos foran unidos por guión, cada elemento conservará a súa independencia ortográfica. Así, *fervellasberzas, épico-díctico*.

III

CONTRACCIÓNS

1. Como regra xeral, as palabras escribiránse na súa integridade, deixando á pronuncia, segundo o uso o pida, a ouservancia das elisións ou troques de sonidos por asimilación que sexan oportunos. Fican enteiramente arrombados os signos gráficos empregados noutrora para indicar elisións: o apóstrofo e o trazo de unión, como non sexa este derradeiro nos compostos non refundidos.

2. Os pronomes enclíticos escribiránse unidos aos verbos que os rixan. Así, *faino, bótao, escribiránse*.

3. Non se efectuarán na escrita máis contraccións que as admitidas polo uso.

Así: 1) as de pronomes persoáis entre sí:
mo, ma, mos, mas; cho, cha, chos, chas; llo, lla, llos, llas; nolo, nola, nolos, nolas; volo, vola, volos, volas; llelo, llela, llelos, llelas.

2) a preposición *a* co artigo determinado: *ao, á, aos, ás.*

3) a preposición *de* co artigo: *do, da, dos, das, dun, dunha, duns, dunhas;* cos pronomes tónicos de terceira persoa: *del, dela, deles, de-*

las, delo; e cos demostrativos: *des-te, desa, daqueles*, etc.

- 4) a preposición *con* co artigo: *co, coa, cos, coas; cun, cunha, cuns, cunhas*.
- 5) a preposición *en* co artigo: *no, na, nos, nas; nun, nunha, nuns, nunhas*; cos pronomes tónicos de terceira persoa: *nel, nela, neles, nelas, nello*; cos pronominais que comencen por vocal: *neste, nesa, naqueles, noutro, nalgún, nalgures*.
- 6) a preposición *por* co artigo determinado: *polo, pola, polos, polas*.

4. A asimilación ao *l* que primitivamente iniciaba o artigo (*lo, la, los, las*) do *r* con que remata *por*, e que determina a última das contraccións rexistradas no número anterior, dáse tamén, na pronuncia vulgar, no caso de outras palabras terminadas en *-r*, e tamén en *-s*; pero fora do caso indicado, e dos infinitivos con pronome de terceira persoa enclítico como *ouxeto dereito (velo, querela, facelos, enxergalas, impedilo)*, non se reflexa esa asimilación na escrita, e na fala é potestativa. Así, escribiremos: *todas as nenas, coller o millo*, fagamos ou non na pronuncia a indicada asimilación.

IV

A NORMA SUPLETORIA

1. Nos casos non previstos nestas normas, serven de supletorias as usuáis na ortografía castelá.

ALGUNHAS NORMAS PARA A UNIFICACIÓN MORFOLÓXICA DA LINGUA GALEGA

INTRODUCCIÓN

Cando a Real Academia Galega publicou as *Normas ortográficas* aprobadas con data 15 de febreiro de 1970, iniciou coa cautela que pareceu prudente o labor de ordenación do idioma. Para proseguir ese labor era preciso, en primer termo, abordar algúns problemas de morfoloxía, co propósito de avanzar uns pasos decisivos na unificación da lingua escrita, aspiración que por todas partes se manifesta na actualidade.

Xa se comprende que, aparte da ortografía e da morfoloxía, a codificación dun idioma literario abranxe outros aspectos. Mais, dunha banda, non é natural forzar académicamente esa unificación, sen agardar a que a lingua, en liberal com-

petencia de formas, madure para ese fin. Por outro lado, se recae acordo sobre un determinado número de puntos ouxeto de controversia, referentes á forma das palabras, a lingua adquirirá inmediatamente unha coloración uniforme, á que non afectarán os matices que nalgún escritor asinalen pequenas inflexións, as cales apenas serán variantes estilísticas que irán fundíndose en solucións unitarias, polo libre xogo do contraste, conforme o tempo decorra.

Propor, pois, un mínimo de normas para o uso da lingua escrita, que, naturalmente, co avance cultural, repercutirán, en maior ou menor medida, na falada, semellou o ouxetivo máis realista nas actuais circunstancias. Elexíronse quince estremos. Semella discreto pensar que son número axeitado para imprimir á lingua literaria a necesaria e suficiente fixeza.

Como se indicou, estas normas refírense á forma das palabras. Pero esto non ha ser entendido en termos absolutos. O punto 1, propriamente ortográfico, entraña decisións que afectan á fonética. ¿E quen poderá xebrar con nidia precisión os aspectos da lingua? Chamamos ás presentes «Normas morfolóxicas» porque eso son principalmente, e porque é de aconsellar un título conciso e orientador; mais temos de entender a expresión nun sentido máis indicativo que definitivo.

Consideramos que as referencias de gramática histórica que se fan en ocasións, eran necesarias. Elas permiten sistematizar e reducir a orde os problemas, que de outro xeito se resolverían

nunha casuística complicada e de aparencia arbitraria. Pomos, con estas normas, as bases dunha unificación da lingua escrita; pero non pretendemos fornecer aos interesados polo estudo do galego un instrumento didáctico de inmediata aplicación. Os profesores haberán de axeitar ao grao correspondente a formulación das regras que aquí lles ofrecemos. O mesmo que no caso das normas ortográficas, estas normas morfolóxicas han ser explicadas polo docente ao alumnado, e traducidas en versións máis populares cando sexa preciso. Esas versións, para seren eficaces, terán de renunciar provisionalmente, en ocasións, á esactitude matemática, xa que non hai pedagogía que permita ensinalo todo dunha vez. Endebén, aquí debíamos rexistrar as normas coa maior precisión, para o cal as referencias históricas proporcionábanos moitas veces o único método axeitado.

Ben se deixa entender que esta precisión de que falamos é a que se pode conciliar coa realidade da lingua, forxada, como a vida se forxa, na contradicción e na dúbida. O que queira unha solución absoluta, unívoca e escluinte para cada problema que lle presente a lingua, o que reclame unha fórmula matemática para cada feito da fala, deberá percurala no cultivo do esperanto ou de calquer outro idioma artificial que, mentras non se defronte verdadeiramente co mundo real que ten de espresar, poderá manter precariamente a regularidade sen esceicións do seu código.

Así, a Academia non pretendéu forzar a sime-tría da lingua, encaixándoa dogmáticamente nun-

ha escrita ríspeta. Apenas quer codificala en contornos que a perfilen ordenadamente.

É principio fundamental o recoñecimento da evolución das leis do idioma, que determinan camedas diversas de vocábulos, caracterizadas por distintas solucións históricas. As leis teñen unha idade: xurden, modifícanse, caducan. Non podemos inmovilizar o idioma de acordo cunha organización teórica dos seus elementos. Aínda nunha consideración sincrónica, o sistema lingüístico no momento dado é resultado do equilibrio de forzas de distinta antigüidade. Mantéñense os resultados de normas vedrañas acarón de formacións novas producidas por normas insurxentes. Sería desasinado impor, por exemplo, unha solución única cando a lingua real nos presenta tres solucións históricas, que conviven como na sociedade conviven as distintas xeracións.

Se cadra, o estudioso quixera que se lle informase en casos como o suposto, en qué estrato, e por tanto con qué forma, deberá considerar integrado un vocábulo determinado, sobre a posición histórica do cal se lle presenten dúbidas. Estas normas non poden suplir un diccionario ou unha gramática oficial que, mediante a oportuna consulta, resolvería o problema. Hai moitos idiomas que endexamáis contaron con tal diccionario e tal gramática, e atinxiron un nivel altísimo de sistematización e coerencia. Como no caso dos falantes deses idiomas, o estudioso da nosa hipótese pode acudir aos dicionarios e gramáticas de máis creto de autoría particular. O labor aca-

démico consagra un fenómeno lingüístico, pero non o crea.

A Academia, neste caso, codificou as normas xa ouservadas polo pobo e polos escritores, tendo presente todo o desenrolo histórico da lingua. As formas maioritarias de máis prestixio son as xeralmente adoptadas. Como unha fixación da lingua supón unha lingua literaria, a tradición neste aspecto considérase de especial virtude. Certas formas estendidas na fala vulgar durante os séculos en que cesou o cultivo literario e que son préstamos que pugnan con rasgos esenciais do galego, non son admitidas, e propóñense as enxebres, conservadas como minoritarias ou cultas, ou ben restauradas por un movemento de reactivación literaria do idioma. Non se pretende, endebén, refacer a lingua de outrora como se resucita un corpo morto, e foron, naturalmente, aceptadas formas que evidentemente proceden dun influxo de adstrato ou superestrato. A relación do galego coas linguas oficiáis dos dous estados peninsulares, relación que preside a realidade da súa existencia histórica e actual, desembocou nun matizado xogo de dependencias que hai que ordenar e equilibrar nunha dosificación axeitada, se o que se pretende, como se pretende, é manter o galego en forma literaria, non como fala local confinada á espresión da vida rústica na súa elemental economía.

Xa se comprenderá que a formulación das normas que seguen non se levou á práctica sen longas consultas que, dun xeito ou outro, supuxeron a toma en consideración de tanta realidade

lingüística e de tanta opinión competente se puido arrecadar. O feito de que tal punto non estebeza como normativo o uso de determinada coma ou a solución proposta por este ou estoutro tratadista, significa que nese caso semellou máis atinada outra decisión; pero as variantes non recollidas foron coidadosamente estimadas e renunciadas con mágoa perante a necesidade imperiosa de elixir, con todos os riscos que unha elección comporta.

Por suposto, foron tidas en conta as distintas modalidades do galego literario. Tomóuse nota dos precedentes rexistrados en anteriores ensaios de codificación, nos tratados e dicionarios existentes, así como nas manifestacións formuladas en ocasións diversas por persoas con axeitado título, lingüistas de oficio ou escritores de creto. Especial interese revestiron para a adopción de normas os traballos do Seminario de Estudos Galegos, da Cadeira de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago, do Departamento de Filoloxía Románica do mesmo Centro superior, do seminario didáctico de lingua galega celebrado en Vigo en 1966, como tamén as consultas espresamente elevadas a especialistas do país ou de fora del. En fin, percuróuse a máis ampla información, en todos os sentidos, antes de decidir.

A esta copiosa laboura previa, que a prudencia e a modestia aconsellaban, correspondeu o limitado da codificación, como aconsellaban a mesma modestia e a mesma prudencia. Xa fican explicados os motivos polos que, de momento, re-

ducíronse a un mínimo os puntos codificados. Agora será oportuno razoar brevemente os criterios seguidos en cada caso.

1. Fenómenos fonéticos dialectáis, carentes de transcendencia semántica, non teñen por qué reflexarse na lingua escrita, agás cando se persiga como finalidade estilística a reprodución da cor local ou peculiaridades lingüísticas de determinados grupos sociáis.

2. Non se pode consagrar a reposición do *-l-* intervocálico, a caída do *cal* é característica do galego, na formación dos pluráis dos nomes, fora do caso dos monosílabos e certos cultismos. A solución que recomendamos, característica hoxe do galego oriental, non resulta violenta para ningún galego, coincide co portugués e está abonada historicamente.

3. A tradición literaria máis abundante, representada por Rosalía, Pondal, Castelao, Amado Carballo, Manuel Antonio, consagra o mantimento do *-n* nos pluráis.

4. Non haberá controversia sobre o carácter común das formas que se estabelecen, fronte ao dialectal das que se esclúen.

5, 6 e 7. Só a historia de cada palabra pode nos decidir a incluíla nunha ou noutra camada do vocabulario. Serían de desexar inventarios a este respecto.

8. Seguimos a tradición literaria de maior fortuna.

9. A solución adoptada permite a flesión *-an/-a* (masculino/femenino), e está apoiada na fala de varias comarcas de Galicia.

10. *Estábil, semellábel, móvel*, son solucións que aparecen nos documentos galegos desde o século XIII. Están, pois, abonadas pola historia. Coinciden co portugués. Igualmente está documentado o plural *moviis*. Pero a tradición non é unánime. As outras formas admitidas aparecen tamén xustificadas.

11. Sería artificioso de máis manter nas voces cultas ou modernas os sufixos *-zon, -zo, -za*, que deixaron de ter vitalidade.

12. As formas que eliden a sílaba *-de* son estimadas como menos cultas, ou produto da erosión da lingua oficial.

13. Convén salvar a distinción entre o dativo singular e o plural do pronome de terceira persoa cando contrae co acusativo do mesmo vocábulo.

14. Pronunciámonos pola distinción, doada de ouservar, entre os verbos das tres conxugacións.

15. Tamén aquí hai que aplicar a doutrina dos estratos para evitar hiperenxebrismos.

NORMAS MORFOLÓXICAS

1. Non se rexistrarán na escrita os fenómenos de tipo puramente fonético, como son a gheada, o seseo, o *-e* paragóxico, o *i* (ou *u*) epentético en fonética sintáctica, e certas metáteses ou sínkopas que a tradición literaria máis firme considera dialectalismos ou vulgarismos. Así, non escribiremos **ghalo* (ou **jalo*, ou calquer outra versión gráfica que trate de recoller a aspiración ou enxordecemento do *g*); **sereixa*, **lus*; **mullere*; **a iauga*; **drento*; **dreito*, senón *galo*; *cereixa*, *luz*; *muller*; *a auga*; *dentro*; *dereito*.

2. Na formación dos plurais dos nomes —sustantivos, adxetivos, pronomes— rematados en *-l* hai que distinguir o caso dos monosílabos e o dos que teñen máis dunha sílaba. Os monosílabos forman o plural engadindo o morfema *-es*: *mal*, *males*; *mel*, *meles*; *mil*, *miles*; *mol*, *moles*; *tul*, *tules*. Os polisílabos substitúen *-l* por *-is*: *animal*,

animáis; papel, papéis; cadril, cadris; perol, peróis; azul, azúis. Como se ve, o sufixo *-is* funde na escrita o seu *-i* co *i* do singular que resulte inmediato pola perda do *l*: *cadris*. Endebén, os adxetivos polisílabos do galego actual rematados en *-il* non acentuado, sen tradición ou con tradición vacilante no galego histórico, trocan o *-i* en *-e* antes de substituír o *-l* por *-is* para formar o plural ou se atañen ao padrón etimolóxico, engadindo *-es*: *móvil, moveis* ou *móviles; fácil, faceis* ou *fáciles*, etc. Os monosílabos finais de palabras compostas seguen a regra correspondente: así, o plural de *aquel* é *aqueles*; o de *pirifol*, *pirifoles*.

3. Os nomes rematados en *-n* forman o plural engadindo *-s*: *irmáns, roibéns, xazmíns, lacóns, uns*. Mantéñese esta norma no caso de que o acento da palabra non caia na vocal precedente ao *-n*.

4. Considéranse dialectáis as formas de diptongos *ai, au, ui* cando se opoñan ás comúns *ei, ou, oi*, que son as usadas no galego escrito. Así, escribiráse *eira*, non **aira*; *outro*, non **autro*; *loita*, non **luita*. Os diptongos *ai, au, ui*, pois, persistirán na escrita só nos casos en que non se dé dialectalmente a indicada alternancia: *hai, autor, suido*, cultismos as máis veces.

5. No tratamento dos grupos latinos iniciáis CL-, PL-, FL- hai que distinguir tres estratos, segundo a antiguidade das palabras. Estas poden ser patrimoniáis, semicultismos e cultismos. Nas primeiras, CL-, PL-, FL-, dan *ch-*: *chamar, chan, cheirar*; nas segundas, *cr-*: *crego, preito, fror*; nas ter

ceiras, mantéñense os grupos dos étimos: *clima*, *plétora*, *flabelo*.

6. Os mesmos estratos hai que distinguir no caso do grupo interior —CT—. Primeiro estrato, solución *-it-*: *eito*. Segundo estrato, solución *-ut-*: *doutor*. Terceiro estrato, mantéñese o grupo etimolóxico: *acto*.

7. No caso do grupo -PL- (cando non desembocou nun sonido palatal) distínguense dous estratos. No máis antigo a solución é *-br-*: *dobre*, *cobra*. Na maioría dos casos, trátase de cultismos que manteñen o grupo orixinario: *simple*, *templo*, e constitúen o segundo estrato.

8. Nos vocábulos que a lingua recibiu en herdo, a solución do sufixo -ANU é *-an-*: *irmán*.

9. En palabras igualmente tradicionais, o sufixo -ANA fica resolto en *-a-*: *irmá*, *mazá*.

10. O sufixo latino -BILE, propio de adxetivos incorporados á lingua cando ésta xa estaba formada, resólvese en *-bel-*: *estábel*, *solúbel*. Fican coas súas formas primitivas aqueles poucos vocábulos que nos foron legados con outras solucións pola lingua antiga, como *nobre*. Os de moderna incorporación, non respaldados polo uso popular ou literario nas formas indicadas, admiten a solución *-ble* do sufixo.

11. Agás nas palabras tradicionais, documentadas no galego histórico ou vivas na fala actual,

que manteñen as súas desinencias, como *benzón*, *vezo*, *priguiza*, os sufixos latinos -TIONE, -TIU, -TIA, -CIU, -CIA resólvense hoxe en *-ción*, *-cio*, *-cia*. Escribiremos, pois, *resolución*, *ocio*, *ledicia*, *indicio*, *trapecio*, *Galicia*, aínda que non se refugue a forma arcaizante *Galiza*.


12. Mantéñese sen esceición o final *-de* procedente de -TE, nominal e verbal: *bondade*, *virtude*, *falade*, *saíde*.

13. A concurrencia de dativo do pronome persoal de terceira persoa plural *lles* coas formas do acusativo do mesmo pronome *o*, *a*, *os*, *as*, resólvese en *llelo*, *llela*, *lletos*, *lletas*.

14. Os verbos de infinitivo en *-ar* fan en *-óu* a terceira persoa de singular do pretérito perfecto simple (pretérito indefinido); os de infinitivo en *-er* fan en *-éu* esa mesma forma verbal; e fana en *-íu* os de infinitivo en *-ir*: *falóu*, *batéu*, *saiu*.

15. Agás verbas hereditarias como *falcoeiro*, *laoeiro*, *ladroeiro*, *padroádigo*, *razoar*, aquelas que rematan en *-n* conservarán este *n* nos derivados: *Cancioneiro*, *funcionario*, *pensionar*.

ACABÓUSE DE IMPRIMIR ESTE EPÍTOME
NA CIDADE DA CRUÑA, NOS TALLERES
TIPOGRÁFICOS DA EDITORIAL MORET,
O DÍA 2 DE DECEMBRO DO 1977



REAL ACADEMIA
GALEGA

A CORUÑA

F13905

Biblioteca